

## ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA VENDA AMBULANTE

Artigo 1º.- Aprobase a presente Ordenanza no exercicio das facultades que as Corporacións Locais son conferidas pola Lei 10/88, de 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia e, en cumprimento do establecido na súa disposición transitoria segunda.

Artigo 2º.- A venda ambulante, nos lugares públicos que a tal efecto se sinale, só poderá efectuarse de acordo coas condicións, termos e días que se establecen na presente Ordenanza.

Artigo 3º.- Modalidades de comercio ambulante.

a) Comercio ambulante, é aquel que non require ningún tipo de instalacións específicas e se desenvolve ó longo dun percorrido prefixado polo concello.

b) Comercio ambulante que esixe para o seu exercicio unha instalación a colocar durante o horario autorizado de venda, demostrándose á terminación desta e só para unha mercancia específica e nos lugares que se especifique na autorización municipal.

c) Comercio ambulante no mercadillo que se celebra tradicionalmente en lugares establecidos.

Artigo 4º.- Sen prexuízo das disposicións contidas na presente Ordenanza, será de aplicación con carácter supletorio a Lei 10/88 de 20 de xullo de ordenación do comercio interior de Galicia e as disposicións que para o seu desenvolvemento dicte a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5º.- Días de venda.

A venda ambulante nos lugares públicos que a tal efecto se sinalen, queda autorizada exclusivamente neste municipio, os días de celebración da feira tradicional da vila, é dicir os días 1 e 18 de cada mes.

Artigo 6º.- Lugar de instalación do mercado para a venda ambulante.

Os postos e instalacións desmontables de todo tipo ubicaranse, unha vez autorizados para isto no lugar a tal fin asignado, que gardará sempre que isto sexa posible relación de similitude cos restantes máis próximos, sen que sexa posible establecerse en lugar diferente ó autorizado. O incumprimento de tal obriga será causa de sanción resolutoria de licenza municipal.

O mercado instalarase na:

Praza Maior.

Artigo 7º.- Requisitos a acreditar polos comerciantes.

Os titulares que desexen tomar parte na venda ambulante que esta Ordenanza regula deberán acreditar ante este concello o cumprimento dos seguintes requisitos:

1.- Posuír a condición de comerciante segundo a lexislación mercantil.

2.- Estar dado de alta no epígrafe correspondente na Licencia Fiscal do Imposto Industrial, e encontrarse ó corrente do seu pago.

3.- No caso de estranxeiros deberá de acreditarse estar en posesión dos correspondentes permisos de residencia e traballo por conta allea.

4.- Estar dado de alta no réxime de autónomos da Seguridade Social e ó corrente do seu pago.

5.- Ser titular de carné ou placa identificativa expedida pola Xunta de Galicia.

6.- Ser titular do correspondente carné de manipulador de alimentos no seu caso.

7.- Obter a autorización municipal para instalarse.

Artigo 8º.- Da autorización municipal.

1.- O exercicio da venda ambulante regulada na presente Ordenanza, queda sometido á obtención de previa licenza municipal, a cal terá carácter persoal e intransferible. No caso de que algún posto e instalación se ubique sen a debida licenza municipal, serán requiridos polo funcionario competente para que procedan a retirarse.

2.- A autorización municipal terá a vixencia de un ano, renovable sucesivamente por igual período.

3.- A autorización municipal, que se outorgará cando proceda previa a petición do interesado acreditándose no expediente os seguintes extremos:

Productos autorizados. Emprazamento reservado para o titular e datas nas que queda autorizada a venda.

4.- Cada vendedor ambulante deberá dispor da correspondente tarxeta acreditativa da licenza municipal.

Artigo 9º.- As autorizacións para o exercicio da venda ambulante ten un carácter discrecional, persoal e intransferible e, consecuentemente, poderán ser revocadas pola Comisión de Goberno cando se considere conveniente, en atención á desaparición das circunstancias que motivaron o seu outorgamento, sen que isto dea orixe a indemnización algunha.

Son causas de retirada da licenza municipal, previo acordo da Comisión de Goberno e audiencia ó interesado, as seguintes:

1.- Non atoparse ó corrente no pago do prezo público que a tal efecto estableza o concello.

2.- Non limpar reiteradamente o lugar asignado e o seu entorno, unha vez finalizado o mercado, así como a non retirada das instalacións. Considera que existe reiteración cando os feitos antes descritos producen durante dous mercados sucesivos ou tres alternativamente.

4.- A instalación de postos nos lugares non autorizados.

5.- Comportamentos violentos contra cidadáns, feirantes e funcionarios ou empregados municipais, e alteracións da convivencia e orden público.

Artigo 10°.- Queda prohibido ubicar os postos ou instalacións desmontables, nos accesos a establecementos comerciais ou industriais ou os seus escaparates ou exposicións.

Dentro do recinto do mercado de venda ambulante non poderá realizarse publicidade abusiva de ningunha clase sexa escrita ou auditiva.

Artigo 11°.- Da solicitude de autorización municipal.

As persoas interesadas na obtención da correspondente licenzia municipal para o exercicio da venda ambulante, presentará no concello solicitude de licenzia en modelo normalizado, que facilitará o concello, especificando na mesma as características de venda ambulante que pretende realizar, os produtos a vender e a superficie en metros cadrados que pretende ocupar.

Á petición acompañará copia autenticada da documentación a que se fai referencia no artigo 7 da presente Ordenanza así coma de dúas fotografías persoais tamaño carné.

A licenzia que no seu caso se conceda sorte os efectos propios dunha autorización para a ocupación temporal do dominio público, sen que se poidan atribuírle outros distintos.

Artigo 12°.- A Administración Municipal poderá limitar o número máximo de licenzias concedidas así como o número de metros cadrados por cada posto ou instalación. Cando o número de peticións para a concesión de licenzias fose superior ó fixado polo concello, a adxudicación das mesmas realizarase por sorteo que presidirá o Sr. alcalde Presidente e dos representantes a tal efecto designados polos solicitantes.

Artigo 13°.- \_ Produtos obxecto de comercialización.

1.- De conformidade co prevenido no artigo 25 da Lei 10/88 de 20 de xuño, os produtos que poidan ser obxecto de comercialización, son os incluídos nos seguintes sectores da actividade comercial:

Alimentación, calzado, cerámica-cestería, bar-pulpería, cerería-coiro e pel, froitería, xoguetería, téxtil, ferretería, mercería, panadería, plantas, sementes, verduras e produtos hortícolas, quincalla así como maquinaria de todo tipo.

Artigo 14°.- Do horario e montaxe de postos.

o horario desenvolverase entre as oito e as quince horas. Terminado o mercado os postos serán desmontados e o lugar ocupado por cada vendedor e o seu entorno deberá quedar en perfecto estado de limpeza.

Artigo 15°.- Da regulación do tráfico.

Durante a celebración do mercado.

En caso necesario procederáse á regulación do tráfico rodado nesa zona.

Artigo 16°.- Outros supostos da venda ambulante.

En atención ás características, número e distribución xeográfica dos equipamentos comerciais neste término municipal así como o asentamento disperso da poboación, ademais da venda ambulantes en mercadillo autorízanse as seguintes modalidades de venda ambulante:

1.- Comercio ambulante de productos alimenticios manufacturados e naturais, mediante o emprego de vehículos a motor, que reúnan as necesarias condicións hixiénico sanitarias e sempre que a lexislación sectorial aplicable a ditos produtos non prohiba esta modalidade de venda.

2.- Venda ambulante en vehículos tenda no mercadillo que deberán ceñirse en canto a condicións de instalación, ubicación e retirada ás esixibles para os postos desmontables.

Artigo 17º.- Inspección e sanción.

Este concello, por medio dos funcionarios competentes (Veterinario titular, Farmacéutico e Xefe Local de Sanidade) vixiará o debido cumprimento polos titulares das licencias concedidas de canto se dispón na presente Ordenanza e na lexislación que sexa de aplicación.

As medidas de policía administrativa previstas na presente Ordenanza estarán a cargo de funcionario municipal a tal efecto encargado.

Disposición final: A presente Ordenanza que consta de 17 artigos, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir dese mesmo día permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.